

CONCRECIÓN CURRICULAR

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36019256	IES de Vilalonga	Sanxenxo	2023/2024

Contido	Páxina
a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro	3
b) A contribución á adquisición das competencias clave	10
c) Os criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar os elementos transversais	11
d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía	14
e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos	14
f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso	15
g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias	17
h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso	18
i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso	19
j) Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación	19
k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso	24
l) As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas	25
m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas	26
n) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular	26
o) Outros apartados	27

a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro

1.- Obxectivos da educación secundaria obrigatoria

a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos; exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos como valores comúns dunha sociedade plural e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre mulleres e homes.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para, con sentido crítico, adquirir novos coñecementos. Desenvolver as competencias tecnolóxicas básicas e avanzar nunha reflexión ética sobre o seu funcionamento e a súa utilización.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en distintas disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmos, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, mensaxes e textos complexos, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

j) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das demais persoas, así como o patrimonio artístico e cultural.

k) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e do das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado, a empatía e o respecto cara aos seres vivos, especialmente os animais, e o ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

l) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

m) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

n) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

2.- Obxectivos do Bacharelato:

O bacharelato contribuirá a desenvolver nas alumnas e nos alumnos as capacidades que lles permitan:

a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa.

b) Consolidar unha madurez persoal, afectivo-sexual e social que lles permita actuar de forma respectuosa, responsable e autónoma, e desenvolver o seu espírito crítico. Prever, detectar e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais, así como as posibles situacións de violencia.

c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades de mulleres e homes, analizar e valorar criticamente as desigualdades existentes, así como o recoñecemento e o ensino do papel das mulleres na historia, e impulsar a igualdade real e a non discriminación por razón de nacemento, sexo, orixe racial ou étnica, discapacidade, idade, enfermidade, relixión ou crenzas, orientación sexual ou identidade de xénero, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.

f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.

g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.

h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de forma solidaria no desenvolvemento e na mellora do seu ámbito social.

i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.

j) Comprender os elementos e procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e a tecnoloxía no cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao ambiente.

k) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.

l) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.

m) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Afianzar os hábitos de actividades físico-deportivas para favorecer o benestar físico e mental, así como medio de desenvolvemento persoal e social.

n) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da mobilidade segura e saudable.

o) Fomentar unha actitude responsable e comprometida na loita contra o cambio climático e na defensa do desenvolvemento sustentable.

p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio cultural material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

3.- Obxectivos da Formación Profesional Básica

-Formación Profesional Básica de Servizos Administrativos:

Veñen especificados, no decreto 107/2014, do 4 de setembro, no Anexo I:

a) Identificar as principais fases do proceso de gravación, tratamento e impresión de datos e textos, determinando a secuencia de operacións, para preparar equipamentos informáticos e aplicacións.

b) Analizar as características dos procesadores de texto e das follas de cálculo, empregando as súas principais utilidades e as técnicas de escritura ao tacto, para elaborar documentos.

c) Caracterizar as fases do proceso de garda, custodia e recuperación da información, empregando equipamentos informáticos e medios convencionais para o seu almacenamento e o seu arquivamento.

d) Utilizar procedementos de reprodución e encadernamento de documentos controlando e mantendo operativos os equipamentos, para realizar labores de reprografía e encadernamento.

e) Describir os protocolos establecidos para a recepción e o envío de correspondencia e paquetería, identificando os procedementos e as operacións, para a súa tramitación interna ou externa.

f) Describir os principais procedementos de cobramento, pagamento e control de operacións comerciais e administrativas utilizados na actividade empresarial, determinando a información salientable para a realización de operacións básicas de tesouraría e para o seu rexistro e a súa comprobación.

g) Determinar os elementos salientables das mensaxes máis usuais para a recepción e a emisión de chamadas e mensaxes mediante equipamentos telefónicos e informáticos.

h) Aplicar procedementos de control de almacenamento comparando niveis de existencias, para realizar tarefas básicas de mantemento do almacén de material de oficina.

i) Recoñecer as normas de cortesía e as situacións profesionais en que son aplicables, para atender a clientela.

j) Comprender os fenómenos que acontecen no ámbito natural mediante o coñecemento científico como un saber integrado, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar e resolver problemas básicos nos campos do coñecemento e da experiencia.

k) Desenvolver habilidades para formular, interpretar e resolver problemas, e aplicar o razoamento de cálculo matemático para se desenvolver na sociedade e no ámbito laboral, e para xestionar os seus recursos económicos.

l) Identificar e comprender os aspectos básicos de funcionamento do corpo humano e pólos en relación coa saúde individual e colectiva, e valorar a hixiene e a saúde, para permitir o desenvolvemento e o afianzamento de hábitos saudables devida en función do contorno. Debemos ter en conta que a nosa comarca foi no pasado un dos maiores centros de entrada de estupefacientes, así como estar alerta dos elevados índices de hábitos tóxicos (tabaquismo, alcoholismo, sedentarismo, obesidade, etc.) que azotan Galicia en xeral e a nosa comarca en particular.

m) Desenvolver hábitos e valores acordes coa conservación e a sustentabilidade do patrimonio natural, comprendendo a interacción entre os seres vivos e o medio natural, para valorar as consecuencias que se derivan da acción humana sobre o equilibrio ambiental. Os nosos alumnos e alumnas deberan apreciar de maneira máis inmediata os exemplos que se atopan dentro do ámbito xeográfico e poboacional do centro educativo e a súa riqueza natural.

n) Desenvolver as destrezas básicas das fontes de información utilizando consentido crítico as tecnoloxías da información e da comunicación, para obter e comunicar información nos contornos persoal, social ou profesional.

ñ) Recoñecer características básicas de producións culturais e artísticas, aplicando técnicas de análise básica dos seus elementos, para actuar con respecto e sensibilidade cara á diversidade cultural, o patrimonio histórico-artístico e as manifestacións culturais e artísticas.

o) Desenvolver e afianzar habilidades e destrezas lingüísticas, e alcanzar o nivel requirido de precisión, claridade e fluidez, utilizando os coñecementos sobre as linguas galega e castelá, para se comunicar no seu contexto social, na súa vida cotiá e na actividade laboral.

p) Desenvolver habilidades lingüísticas básicas en lingua estranxeira para se comunicar de xeito oral e escrito en situacións habituais e predicibles da vida cotiá e profesional. Tendo en conta que una das principais actividades económicas da contorna do noso centro é o turismo, é fundamental dotar destas ferramentas ao noso alumnado.

q) Recoñecer causas e trazos propios de fenómenos e acontecementos contemporáneos, a súa evolución histórica e a súa distribución xeográfica, para explicar as características propias das sociedades contemporáneas.

r) Desenvolver valores e hábitos de comportamento baseados en principios democráticos, aplicándoos nas súas relacións sociais habituais e na resolución pacífica dos conflitos. Nun contexto socioeducativo marcado pola disparidade de niveis económicos e educativos nas familias, o cal repercute de maneira directa na aprendizaxe dos alumnos e alumnas, é imprescindible acadar estes obxectivos que son o fundamento dunha comunidade cohesionada que favoreza un ambiente óptimo para a aprendizaxe e o desenvolvemento.

s) Comparar e seleccionar recursos e ofertas formativas existentes para a aprendizaxe ao longo da vida, para se adaptar ás novas situacións laborais e persoais. Debido ao carácter inicial destes estudos, este obxectivo debe ter un prioritario e fundamental na formación do noso alumnado.

t) Desenvolver a iniciativa, a creatividade e o espírito emprendedor, así como a confianza en si mesmo/a, a participación e o espírito crítico, para resolver situacións e incidencias da actividade profesional ou de índole persoal.

u) Desenvolver traballos en equipo asumindo os deberes, cooperando coas demais persoas con tolerancia e respecto, para a realización eficaz das tarefas e como medio de desenvolvemento persoal.

v) Utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación para se informar, se comunicar, aprender e facilitar as tarefas laborais.

w) Relacionar os riscos laborais e ambientais coa actividade laboral, co propósito de utilizar as medidas preventivas correspondentes para a protección persoal, evitando danos ambientais e ás demais persoas.

x) Desenvolver as técnicas da súa actividade profesional asegurando a eficacia e a calidade no seu traballo, e propor, se procede, melloras nas actividades de traballo.

y) Recoñecer os dereitos e deberes como axente activo na sociedade, tendo en conta o marco legal que regula as condicións sociais e laborais, para participar na cidadanía democrática.

z) Analizar e valorar a participación, o respecto, a tolerancia e a igualdade de oportunidades, para facer efectivo o principio de igualdade entre mulleres e homes. Nunha coxuntura cunha marcada desigualdade de acceso ao traballo entre homes e mulleres, así como a descompensación manifesta do seu salario, o noso centro educativo debe atender especialmente a fortalecer os valores de igualdade de dereitos e desbotar calquera actitude machista xa dende o propio proceso educativo, ensinando una mensaxe de igualdade desde una institución estatal e fortalecendo a que as familias envían aos alumnos e alumnas ou, no caso de que esta mensaxe non chegue desde o ámbito familiar, actuar como corrector de dita situación. Debemos lembrar que o peso da sociedade tradicional patriarcal na contorna do noso centro é aínda moi notable nalgúns casos.

aa) Rexeitar calquera discriminación por razón de orientación sexual ou de identidade de xénero

-Formación Profesional Básica de Mantemento de Vehículos:

Veñen especificados, no decreto 107/2014, do 4 de setembro, no Anexo VI:

a) Utilizar as ferramentas, os equipamentos e os utensilios establecidos na información do proceso segundo a técnica requirida en cada caso, para realizar as operacións de mecanizado básico.

b) Axustar os parámetros dos equipamentos de soldadura seleccionando o procedemento, para realizar operacións de soldadura.

c) Identificar as operacións requiridas interpretando as especificacións de fábrica, para realizar o mantemento básico dos sistemas eléctricos de carga e arranque.

d) Utilizar as ferramentas, os equipamentos e os utensilios establecidos interpretando as especificacións técnicas contidas na información do proceso e manexándoos segundo a técnica requirida en cada caso, para manter elementos básicos do sistema de suspensión e rodas.

e) Utilizar as ferramentas, os equipamentos e os utensilios establecidos, interpretando as especificacións de fábrica e manexándoos segundo a técnica requirida en cada caso, para manter os elementos básicos do sistema de transmisión e freada, e o cambio de fluídos.

f) Seleccionar as operacións adecuadas identificando os procedementos de fábrica, para realizar a substitución de elementos básicos dos sistemas de iluminación e auxiliares.

g) Seleccionar as ferramentas idóneas segundo o tipo de unión, identificando as condicións de calidade requiridas, para desmontar, montar e substituír elementos amovibles do vehículo.

h) Manexar as ferramentas idóneas en función do tipo de operación, seleccionando os produtos segundo as

especificacións de calidade, para reparar e substituír cristais do vehículo.

- i) Manexar os equipamentos, os utensilios e os produtos necesarios, seleccionando os procedementos de aplicación, para realizar operacións simples de preparación de superficies.
- j) Aplicar o plan de mantemento de equipamentos e de funcionamento e uso do taller, interpretando os requisitos establecidos, para manter operativo o posto de traballo e preparados os utensilios, as ferramentas e os equipamentos necesarios.
- k) Comprender os fenómenos que acontecen no ámbito natural mediante o coñecemento científico como un saber integrado, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar e resolver problemas básicos nos campos do coñecemento e da experiencia.
- l) Desenvolver habilidades para formular, interpretar e resolver problemas, e aplicar o razoamento de cálculo matemático para se desenvolver na sociedade e no ámbito laboral, e para xestionar os seus recursos económicos.
- m) Identificar e comprender os aspectos básicos de funcionamento do corpo humano e pólos en relación coa saúde individual e colectiva, e valorar a hixiene e a saúde, para permitir o desenvolvemento e o afianzamento de hábitos saudables devida en función do contorno. Debemos ter en conta que a nosa comarca foi no pasado un dos maiores centros de entrada de estupefacientes, así como estar alerta dos elevados índices de hábitos tóxicos (tabaquismo, alcoholismo, sedentarismo, obesidade, etc.) que azotan Galicia en xeral e a nosa comarca en particular.
- n) Desenvolver hábitos e valores acordes coa conservación e a sustentabilidade do patrimonio natural, comprendendo a interacción entre os seres vivos e o medio natural, para valorar as consecuencias que se derivan da acción humana sobre o equilibrio ambiental. Os nosos alumnos e alumnas deberán apreciar de maneira máis inmediata os exemplos que se atopan dentro do ámbito xeográfico e poboacional do centro educativo e a súa riqueza natural.
- ñ) Desenvolver as destrezas básicas das fontes de información utilizando consentido crítico as tecnoloxías da información e da comunicación, para obter e comunicar información nos contornos persoal, social ou profesional.
- o) Recoñecer características básicas de producións culturais e artísticas, aplicando técnicas de análise básica dos seus elementos, para actuar con respecto e sensibilidade cara á diversidade cultural, o patrimonio histórico-artístico e as manifestacións culturais e artísticas.
- p) Desenvolver e afianzar habilidades e destrezas lingüísticas, e alcanzar o nivel requirido de precisión, claridade e fluidez, utilizando os coñecementos sobre as linguas galega e castelá, para se comunicar no seu contexto social, na súa vida cotiá e na actividade laboral.
- q) Desenvolver habilidades lingüísticas básicas en lingua estranxeira para se comunicar de xeito oral e escrito en situacións habituais e predicibles da vida cotiá e profesional. Tendo en conta que una das principais actividades económicas da contorna do noso centro é o turismo, é fundamental dotar destas ferramentas ao noso alumnado.
- r) Recoñecer causas e trazos propios de fenómenos e acontecementos contemporáneos, a súa evolución histórica e a súa distribución xeográfica, para explicar as características propias das sociedades contemporáneas.
- s) Desenvolver valores e hábitos de comportamento baseados en principios democráticos, aplicándoos nas súas relacións sociais habituais e na resolución pacífica dos conflitos. Nun contexto socioeducativo marcado pola disparidade de niveis económicos e educativos nas familias, o cal repercute de maneira directa na aprendizaxe dos alumnos e alumnas, é fundamental acadar estes obxectivos que son o fundamento dunha comunidade cohesionada que favoreza un ambiente óptimo para a aprendizaxe e o desenvolvemento.
- t) Comparar e seleccionar recursos e ofertas formativas existentes para a aprendizaxe ao longo da vida, para se adaptar ás novas situacións laborais e persoais.
- u) Desenvolver a iniciativa, a creatividade e o espírito emprendedor, así como a confianza en si mesmo/a, a participación e o espírito crítico, para resolver situación e incidencias da actividade profesional ou de índole persoal.
- v) Desenvolver traballos en equipo asumindo os deberes, cooperando coas demais persoas con tolerancia e respecto, para a realización eficaz das tarefas e como medio de desenvolvemento persoal.
- w) Utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación para se informar, se comunicar, aprender e facilitar as tarefas laborais.
- x) Relacionar os riscos laborais e ambientais coa actividade laboral, co propósito de utilizar as medidas preventivas correspondentes para a protección persoal, evitando danos ambientais e ás demais persoas.
- y) Desenvolver as técnicas da súa actividade profesional asegurando a eficacia ea calidade no seu traballo, e propor, se procede, melloras nas actividades de traballo.
- z) Recoñecer os dereitos e deberes como axente activo na sociedade, tendo en conta o marco legal que regula as condicións sociais e laborais, para participar na cidadaníademocrática.
- aa) Analizar e valorar a participación, o respecto, a tolerancia e a igualdade de oportunidades, para facer efectivo o principio de igualdade entre mulleres e homes. Nunha coxuntura cunha marcada desigualdade de acceso ao traballo entre homes e mulleres, así como a descompensación manifesta da presenza de mulleres neste sector laboral, o noso centro educativo debe atender especialmente a fortalecer os valores de igualdade de dereitos e desbotar calquera actitude machista xa dende o propio proceso educativo, ensinando una mensaxe de igualdade desde una institución estatal e fortalecendo a que as familias envían aos alumnos e alumnas ou, no caso de que esta mensaxe non chegue

desde o ámbito familiar, actuar como corrector de dita situación. Debemos lembrar que o peso da sociedade tradicional patriarcal na contorna do noso centro é aínda moi notable nalgúns casos.

ab) Rexeitar calquera discriminación por razón de orientación sexual ou de identidade de xénero.

-Formación Profesional Básica de Cociña e Restauración:

Veñen especificados, no decreto 107/2014, do 4 de setembro, no Anexo V:

a) Realizar as operacións básicas de recepción, almacenamento e distribución de materias primas en condicións ideais de mantemento ata a súa utilización, a partir das instrucións recibidas e dos protocolos establecidos.

b) Pór a punto o lugar de traballo, preparando os recursos necesarios e lavando materiais, enxoval, utensilios e equipamentos, para garantir o seu uso posterior en condicións hixiénico-sanitarias óptimas.

c) Executar os procesos básicos de preelaboración e/ou rexeneración que cumpra aplicar ás materias primas, en función das súas características e da adecuación ás súas posibles aplicacións.

d) Aplicar técnicas culinarias sinxelas para obter preparacións culinarias elementais e de múltiples aplicacións, tendo en conta a estandarización dos procesos.

e) Terminar e presentar elaboracións sinxelas de cociña de acordo coa definición dos produtos e protocolos establecidos, para a súa conservación ou o seu servizo.

f) Colaborar na realización do servizo en cociña e nos distintos tipos de servizo de alimentos e bebidas, tendo en conta as instrucións recibidas e o ámbito da execución.

g) Executar os procesos de envasado e/ou conservación de acordo coas normas establecidas, para preservar a súa calidade e evitar riscos alimentarios.

h) Executar as operacións de preservado e/ou postservizo necesarias para o desenvolvemento das actividades de produción e/ou prestación de servizos, tendo en conta o ámbito da súa execución e a estandarización dos procesos.

i) Realizar procesos de preparación e presentación de elaboracións sinxelas de alimentos e bebidas, de acordo coa definición dos produtos, as instrucións recibidas e os protocolos establecidos, para a súa conservación ou o seu servizo.

j) Preparar os servizos de montaxe de catering e distribuír materias primas e equipamentos para o seu uso ou a súa conservación.

k) Asistir nas actividades de servizo e atención á clientela, tendo en conta as instrucións recibidas, o ámbito da execución e as normas establecidas.

l) Atender e comunicar as posibles suxestións e reclamacións efectuadas pola clientela no ámbito da súa responsabilidade, seguindo as normas establecidas.

m) Resolver problemas predicibles relacionados cos ámbitos físico, social, persoal e produtivo, utilizando o razoamento científico e os elementos proporcionados polas ciencias aplicadas e sociais.

n) Actuar de xeito saudable en contextos cotiáns que favorezan o desenvolvemento persoal e social, analizando hábitos e influencias positivas para a saúde humana.

ñ) Valorar actuacións encamiñadas á conservación ambiental, diferenciando as consecuencias das actividades cotiáns que poidan afectar o equilibrio do ambiente.

o) Obter e comunicar información destinada á autoaprendizaxe e ao seu uso en distintos contextos do seu ambiente persoal, social ou profesional mediante recursos ao seu alcance e os propios das tecnoloxías da información e da comunicación.

p) Actuar con respecto e sensibilidade cara á diversidade cultural, o patrimonio histórico-artístico e as manifestacións culturais e artísticas, apreciando o seu uso como fonte de enriquecemento persoal e social.

q) Comunicarse con claridade, precisión e fluidez en contextos sociais ou profesionais e por diferentes medios, canles e soportes ao seu alcance, utilizando e adecuando recursos lingüísticos orais e escritos propios das linguas galega e castelá.

r) Comunicarse en situacións habituais de carácter laboral, persoal e social, utilizando recursos lingüísticos básicos en lingua estranxeira.

s) Realizar explicacións sinxelas sobre acontecementos e fenómenos característicos das sociedades contemporáneas a partir de información histórica e xeográfica ao seu dispor.

t) Adaptarse ás novas situacións laborais orixinadas por cambios tecnolóxicos e organizativos na súa actividade laboral, utilizando as ofertas formativas ao seu alcance e localizando os recursos mediante as tecnoloxías da información e da comunicación.

u) Cumprir as tarefas propias do seu nivel con autonomía e responsabilidade, empregando criterios de calidade e eficiencia no traballo asignado e efectuándoo de forma individual ou como membro dun equipo.

v) Comunicarse eficazmente, respectando a autonomía e a competencia das persoas que interveñen no seu ámbito de traballo, contribuíndo á calidade do traballo realizado.

w) Asumir e cumprir as medidas de prevención de riscos e seguridade laboral na realización das actividades laborais, evitando danos persoais, laborais e ambientais.

x) Cumprir as normas de calidade e de accesibilidade e deseño universais que afectan a súa actividade profesional.

y) Actuar con espírito emprendedor, iniciativa persoal e responsabilidade na elección dos procedementos da súa

actividade profesional.

z) Exercer os dereitos e cumprir as obrigas derivadas da súa actividade profesional, de acordo co establecido na lexislación vixente, participando activamente na vida económica, social e cultural.

4.- Obxectivos do Ciclo Medio de Técnico en Xestión Administrativa

Os obxectivos do Ciclo Medio de Técnico en Xestión Administrativa, veñen especificados no Decreto 191/2010, do 28 de outubro, no artigo 9:

a) Analizar o fluxo de información, así como a tipoloxía e a finalidade dos documentos e das comunicacións que se utilizan na empresa, para a súa tramitación.

b) Analizar os documentos e as comunicacións que se utilizan na empresa, e recoñecer a súa estrutura, os seus elementos e as súas características, para a súa elaboración.

c) Identificar e seleccionar as expresións en lingua inglesa propias da empresa, para elaborar documentos e comunicacións.

d) Analizar as posibilidades das aplicacións e dos equipamentos informáticos en relación coa eficacia do seu emprego no tratamento da información, para elaborar documentos e comunicacións.

e) Realizar documentos e comunicacións no formato característico e coas condicións de calidade correspondentes, aplicando as técnicas de tratamento da información.

f) Analizar e elixir as técnicas e os sistemas de preservación de comunicacións e documentos adecuados a cada caso, e aplicalos de xeito manual e informático para a súa clasificación, o seu rexistro e o seu arquivo.

g) Interpretar a normativa e a metodoloxía contable, analizando a problemática contable que poida darse nunha empresa, así como a documentación asociada para o seu rexistro.

h) Introducir asentamentos contables manualmente e en aplicacións informáticas específicas, consonte a normativa, para rexistrar contablemente a documentación.

i) Comparar e avaliar os elementos que interveñen na xestión da tesouraría, os produtos e os servizos financeiros básicos, e os documentos relacionados con eles, comprobando as necesidades de liquidez e de financiamento da empresa para realizar as xestións administrativas relacionadas.

j) Efectuar cálculos básicos de produtos e servizos financeiros, empregando principios de matemática financeira elemental, para realizar as xestións administrativas de tesouraría.

k) Recoñecer a normativa legal aplicable, as técnicas de xestión asociadas e as funcións do departamento de recursos humanos, e analizar a problemática laboral que poida darse nunha empresa e a documentación relacionada para realizar a xestión administrativa dos recursos humanos.

l) Identificar e preparar a documentación salientable e as actuacións que cumpra desenvolver, interpretando a política da empresa, para efectuar as xestións administrativas das áreas de selección e formación dos recursos humanos.

m) Formalizar documentación e preparar informes consultando a normativa e as vías de acceso á Administración pública (internet, oficinas de atención ao público, etc.) e empregando, de ser o caso, aplicacións informáticas específicas, para prestar apoio administrativo na área de xestión laboral da empresa.

n) Seleccionar datos e formalizar documentos derivados da área comercial, interpretando normas mercantís e fiscais, para realizar as xestións administrativas correspondentes.

ñ) Transmitir comunicacións de xeito oral, telemático ou escrito, adecuadas acada caso e analizando os protocolos de calidade e imaxe empresarial ou institucional, para desempeñar as actividades de atención á clientela ou ás persoas usuarias.

o) Identificar as normas de calidade e de seguridade, así como as de prevención de riscos laborais e ambientais, e recoñecer os factores de risco e os parámetros de calidade, para aplicar os protocolos correspondentes no desenvolvemento do traballo.

p) Recoñecer as principais aplicacións informáticas de xestión para o seu uso habitual no desempeño da actividade administrativa.

q) Valorar as actividades de traballo nun proceso produtivo, e identificar a súa achega ao proceso global para conseguir os obxectivos da produción.

r) Valorar a diversidade de opinións como fonte de enriquecemento, recoñecendo outras prácticas, ideas ou crenzas, para resolver problemas e tomar decisións.

s) Recoñecer e identificar posibilidades de mellora profesional, reunindo información e adquirindo coñecementos para a innovación e a actualización no ámbito do seu traballo.

t) Recoñecer os dereitos e os deberes como axente activo na sociedade, analizando o marco legal que regula as condicións sociais e laborais, para participar na cidadanía democrática.

u) Recoñecer e identificar as posibilidades de negocio, analizando o mercado e estudando a viabilidade empresarial para a xeración do seu propio emprego.

v) Analizar e valorar a participación, o respecto, a tolerancia e a igualdade de oportunidades, para facer efectivo o principio de igualdade entre homes e mulleres.

5.- Obxectivos do Ciclo Medio de Técnico Electromecánica de Vehículos Automóbiles.

Os obxectivos do Ciclo Medio de Técnico en Electromecánica de Vehículos Automóbiles, veñen especificados no Decreto 94/2011, do 28 de abril, no artigo 9:

- a) Interpretar a información e, en xeral, toda a linguaxe simbólica asociada ás operacións de mantemento e reparación na área de electromecánica, para seleccionar proceso de reparación.
- b) Seleccionar as máquinas, os utensilios, as ferramentas e os medios de seguridade necesarios para efectuar os procesos de mantemento na área de electromecánica.
- c) Manexar instrumentos e equipamentos de medida e control, e explicar o seu funcionamento, conectándoos adecuadamente para localizar avarías.
- d) Realizar os esbozos e os cálculos necesarios para efectuar operacións de mantemento.
- e) Analizar a información subministrada polos equipamentos de diagnose, e comparala coas especificacións dadas por fábrica, para determinar o proceso de mantemento e reparación.
- f) Aplicar as técnicas de operación e utilizar os métodos adecuados para reparar os motores térmicos e os seus sistemas auxiliares.
- g) Aplicar as leis máis salientables da electricidade no cálculo e na definición de circuitos eléctrico-electrónicos de vehículos, para proceder á súa reparación e a súa montaxe.
- h) Relacionar os elementos que constitúen os trens de rodaxe, os freos, a dirección e a suspensión coa súa función no conxunto, para efectuar o seu mantemento e a súa reparación.
- i) Aplicar as técnicas e os métodos de operación pertinentes na desmontaxe, na montaxe e na substitución de elementos mecánicos, pneumáticos, hidráulicos eléctrico-electrónicos dos sistemas do vehículo para proceder ao seu mantemento e á súa reparación.
- j) Analizar o funcionamento das centrais electrónicas e a información que subministran, así como efectuar a recarga e a extracción de datos, e resetealas, para obter información necesaria no mantemento.
- k) Realizar medidas e comparar os resultados cos valores dos parámetros de referencia, para verificar os resultados das súas intervencións.
- l) Analizar e describir os procedementos de prevención de riscos laborais e ambientais, e sinalar as accións que cumpra realizar nos casos definidos, consonte as normas estandarizadas.
- m) Valorar as actividades de traballo nun proceso produtivo e identificar a súa contribución ao proceso global, para conseguir os obxectivos da produción.
- n) Identificar e valorar as oportunidades de aprendizaxe e emprego, analizándoas ofertas e as demandas do mercado laboral, para xestionar a propia carreira profesional.
- ñ) Recoñecer os dereitos e os deberes como axente activo na sociedade, analizando o marco legal que regula as condicións sociais e laborais, para participar na cidadanía democrática.
- o) Recoñecer as oportunidades de negocio identificando e analizando demandas do mercado, para crear e xestionar unha pequena empresa.
- p) Recoñecer e valorar continxencias, determinar as súas causas e describir as accións correctoras para resolver as incidencias asociadas á propia actividade profesional.
- q) Analizar e valorar a participación, o respecto, a tolerancia e a igualdade de oportunidades, para facer efectivo o principio de igualdade entre mulleres e homes. Nunha coxuntura cunha marcada desigualdade de acceso ao traballo entre homes e mulleres, así como a descompensación manifesta da presenza de mulleres neste sector laboral, o noso centro educativo debe atender especialmente a fortalecer os valores de igualdade de dereitos e desbotar calquera actitude machista xa dende o propio proceso educativo, ensinando una mensaxe de igualdade desde una institución estatal e fortalecendo a que as familias envían aos alumnos e alumnas ou, no caso de que esta mensaxe non chegue desde o ámbito familiar, actuar como corrector de dita situación. Debemos lembrar que o peso da sociedade tradicional patriarcal na contorna do noso centro é aínda moi notable nalgúns casos.

6.- Obxectivos do Ciclo Superior de Técnico Superior en Administración e Finanzas.

- a) Analizar e confeccionar os documentos e as comunicacións que se utilizan na empresa, identificando a súa tipoloxía e a súa finalidade, para os xestionar.
- b) Analizar os documentos e as comunicacións que se utilizan na empresa recoñecendo a súa estrutura, os seus elementos e as súas características, para os elaborar.
- c) Identificar e seleccionar as expresións de lingua inglesa propias da empresa, para elaborar documentos e comunicacións.
- d) Analizar as posibilidades das aplicacións e dos equipamentos informáticos en relación co seu emprego máis eficaz no tratamento da información, para elaborar documentos e comunicacións.
- e) Analizar a información dispoñible para detectar necesidades relacionadas coa xestión empresarial.
- f) Organizar as tarefas administrativas das áreas funcionais da empresa para propor liñas de actuación e mellora.
- g) Identificar as técnicas e os parámetros que determinan as empresas, para clasificar, rexistrar e arquivar comunicacións e documentos.
- h) Recoñecer a relación entre as áreas comercial, financeira, contable e fiscal, para xestionar os procesos de xestión

empresarial de forma integrada.

- i) Interpretar a normativa e a metodoloxía aplicables para realizar a xestión contable e fiscal.
- j) Elaborar informes sobre os parámetros de viabilidade dunha empresa, recoñecer os produtos financeiros e os seus provedores, e analizar os métodos de cálculo financeiros, para supervisar a xestión de tesouraría, a captación de recursos financeiros e o estudo de viabilidade de proxectos de investimento.
- k) Preparar a documentación e as actuacións que se deben desenvolver, interpretando a política da empresa, para aplicar os procesos administrativos establecidos na selección, na contratación, na formación e no desenvolvemento dos recursos humanos.
- l) Recoñecer a normativa legal, as técnicas asociadas e os protocolos relacionados co departamento de recursos humanos, analizando a problemática laboral e a documentación derivada, para organizar e supervisar a xestión administrativa do persoal da empresa.
- m) Identificar a normativa, realizar cálculos, seleccionar datos, formalizar documentos e recoñecer as técnicas e os procedementos de negociación con provedores e de asesoramento a clientes, para realizar a xestión administrativa dos procesos comerciais.
- n) Recoñecer as técnicas de atención á clientela e ás persoas usuarias, e adecualas a cada caso, analizando os protocolos de calidade e imaxe empresarial ou institucional, para desempeñar as actividades relacionadas.
- ñ) Identificar modelos, prazos e requisitos para tramitar e realizar a xestión administrativa na presentación de documentos en organismos e administracións públicas.
- o) Analizar e utilizar as oportunidades e os recursos de aprendizaxe relacionados coa evolución científica, tecnolóxica e organizativa do sector, e as tecnoloxías da información e da comunicación, para manter o espírito de actualización e adaptarse a novas situacións laborais e persoais.
- p) Desenvolver a creatividade e o espírito de innovación para responder aos retos que se presentan nos procesos e na organización do traballo e da vida persoal.
- q) Tomar decisións de xeito fundamentado, analizando as variables implicadas, integrando saberes de distinto ámbito e aceptando os riscos e a posibilidade de equivocación, para afrontar e resolver situacións, problemas ou contingencias.
- r) Desenvolver técnicas de liderado, motivación, supervisión e comunicación en contextos de traballo en grupo, para facilitar a organización e a coordinación de equipos de traballo.
- s) Aplicar estratexias e técnicas de comunicación adaptándose aos contidos que se vaian transmitir, á finalidade e ás características das persoas receptoras, para asegurar a eficacia nos procesos de comunicación.
- t) Avaliar situacións de prevención de riscos laborais e de protección ambiental, propondo e aplicando medidas de prevención persoais e colectivas, de acordo coa normativa aplicable nos procesos de traballo, para garantir ámbitos seguros.
- u) Identificar e propor as accións profesionais necesarias, para dar resposta á accesibilidade e o deseño universais.
- v) Identificar e aplicar parámetros de calidade nas actividades e nos traballos realizados no proceso de aprendizaxe, para valorar a cultura da avaliación e da calidade e ser quen de supervisar e mellorar procedementos de xestión de calidade.
- w) Utilizar procedementos relacionados coa cultura emprendedora, empresarial e de iniciativa profesional, para realizar a xestión básica dunha pequena empresa ou emprender un traballo.
- x) Recoñecer os seus dereitos e deberes como axente activo na sociedade, tendo en conta o marco legal que regula as condicións sociais e laborais, para participar na cidadanía democrática.

b) A contribución á adquisición das competencias clave

As competencias clave, tal e como veñen recollidas no Decreto 156/2022, artigo 6, apartado 2.b), e no Decreto 157/2022, artigo 6, apartado 2.b), son desempeños que se consideran imprescindibles para que o alumnado poida progresar con garantías de éxito no seu itinerario formativo e afrontar os principais retos e desafíos globais e locais. Así mesmo, eses desempeños evidéncianse nas capacidades para aplicar de forma integrada os contidos propios de cada ensinanza e etapa educativa, co fin de lograr a realización axeitada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos.

A aprendizaxe baseada en competencias caracterízase pola súa transversalidade, o seu dinamismo e o seu carácter integral. O proceso de ensino e aprendizaxe competencial debe abordarse desde todas as materias. Por este motivo, o equipo docente do IES de Vilalonga desenvolve a consecución das competencias clave do alumnado por medio de estratexias como a planificación de tarefas e proxectos interdisciplinares e colaborativos e a través das propias programacións didácticas dos diferentes departamentos didácticos, pois nelas se recollen aqueles aspectos que contribúan á consecución das competencias clave por parte de todo o alumnado.

b.1) Estas competencias clave son as seguintes para a ESO, segundo o Decreto 156/2022 no seu artigo 8:

- a) Competencia en comunicación lingüística (CCL).

- b) Competencia plurilingüe (CP).
- c) Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría (STEM).
- d) Competencia dixital (CD).
- e) Competencia persoal, social e de aprender a aprender (CPSAA).
- f) Competencia cidadá (CC).
- g) Competencia emprendedora (CE).
- h) Competencia en conciencia e expresión culturais (CCEC).
- b.2) E no Bacharelato, segundo o Decreto 157/2022 no seu artigo 8:
 - a) Competencia en comunicación lingüística (CCL).
 - b) Competencia plurilingüe (CP).
 - c) Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría (STEM).
 - d) Competencia dixital (CD).
 - e) Competencia persoal, social e de aprender a aprender (CPSAA).
 - f) Competencia cidadá (CC).
 - g) Competencia emprendedora (CE).
 - h) Competencia en conciencia e expresión culturais (CCEC).

b.3) Ponderación da contribución de cada materia ás competencias clave. Na ESO, para orientar a cualificación das competencias clave que debe realizar o equipo docente empregará a funcionalidade que a aplicación Proens incorpora

denominada Avaliación das competencias clave, que funcionará vinculándose coa aplicación Xade para propor unha cualificación cualitativa das competencias clave na avaliación final de cada alumna e alumno. Nesta funcionalidade a aplicación Proens entrega a información do perfil de saída e a das programacións didácticas (as vinculacións dos obxectivos cos descritores operativos das competencias clave -tanto as establecidas por defecto no currículo como as establecidas polo profesorado na pantalla 2 da programación didáctica-, os pesos orientativos outorgados polo profesorado aos criterios de avaliación nas unidades didácticas, e a relación entre os criterios de avaliación e os obxectivos nese nivel) así como a información das áreas/materias/ámbitos (o número de sesións semanais). A partir destes datos, a aplicación Proens realiza o cálculo de como contribúe cada área/materia/ámbito na cualificación de cada unha das competencias clave.

Esta información orientativa envíase á aplicación Xade, que a adapta á matrícula de cada alumna e alumno para que, unha vez que o profesorado introduza a cualificación final de cada área/materia/ámbito, a aplicación Xade presente a nota cualitativa das competencias clave. Esta nota non é vinculante, e o equipo docente poderá modificala segundo outros criterios acordados no centro.

c) Os criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar os elementos transversais

1. Criterios para desenvolver os principios pedagóxicos.

No artigo 17 do Decreto 156/2022 establécense os seguintes principios pedagóxicos para a ESO:

1. Na educación secundaria obrigatoria os centros docentes elaborarán as súas propostas pedagóxicas para todo o alumnado atendendo á súa diversidade, e poñerá especial énfase en garantir a prevención de dificultades de aprendizaxe e a posta en práctica de mecanismos de reforzo e flexibilización, alternativas metodolóxicas ou outras medidas adecuadas tan pronto como se detecte calquera destas situacións. A xefatura de estudos en colaboración co departamento de orientación organizarán os grupos en función das necesidades organizativas do centro e do alumnado, de xeito que haxa un aproveitamento máximo de recursos do centro como o profesorado de apoio e reforzo, ou a intervención da profesora de Pedagogía Terapéutica. En función das necesidades de alumnado e das posibilidades organizativas establecerase profesorado de reforzo, apoios da PT dentro e fóra da aula, agrupamentos específicos de alumnado ou programas de diversificación curricular. As decisións revisaranse na sesión de Avaliación Inicial ou despois das avaliacións trimestrais.

2. A intervención educativa buscará desenvolver e asentar progresivamente as bases que lle faciliten ao alumnado unha adquisición e un desenvolvemento adecuados das competencias clave previstas no perfil de saída, e fomentarse a correcta expresión oral e escrita, e o uso das matemáticas. Así mesmo, a acción educativa procurará a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado, terá en conta os seus diferentes ritmos e preferencias de aprendizaxe, favorecerá a capacidade de aprender por si mesmo, fomentará o traballo colaborativo e en equipo, e potenciará a aprendizaxe significativa que promova a autonomía e a reflexión. Para estes efectos, teranse en conta as orientacións pedagóxicas establecidas no anexo II para cada unha das materias ou dos ámbitos. Nas programacións didácticas deseñaranse actividades de recuperación, reforzo e ampliación para os distintos ritmos de aprendizaxe; proporanse actividades individuais e grupais (pequenos e grandes grupos) que favorezan por unha banda, a aprendizaxe autónoma e por outra, o traballo colaborativo.

3. Co obxecto de fomentar a integración das competencias clave, os centros docentes dedicarán un tempo do horario lectivo, nos termos recollidos na súa concreción curricular, á realización de proxectos significativos e relevantes para o alumnado e á resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade. Así mesmo, para favorecer unha adquisición eficaz das competencias clave deberán deseñarse actividades de aprendizaxe que lle permitan ao alumnado avanzar en máis dunha competencia ao mesmo tempo. Promoverase o traballo interdisciplinar a través da CCP implementando a aprendizaxe por proxectos, organizando actividades conxuntas como a Semana das Ciencias ou a Semana das Letras, a Radio na Biblioteca e actividades conmemorativas, contando coa dinamización do equipo de Biblioteca.

4. A lectura constituirá un factor fundamental para o desenvolvemento das competencias clave. É de especial relevancia o desenvolvemento de estratexias de comprensión de lectura de todo tipo de textos e imaxes, en calquera soporte e formato. Co fin de fomentar o hábito e o dominio da lectura, así como o da comunicación, os centros docentes organizarán a práctica docente de todas as materias, de xeito que se garanta nesta a incorporación dun tempo de lectura e práctica da oratoria nos termos recollidos na súa concreción curricular. A estes efectos, levarase a cabo a hora de ler semanal na ESO e organizaranse os clubs de lectura.

5. Os centros docentes impartirán de xeito integrado o currículo de todas as linguas da súa oferta educativa, co fin de favorecer que todos os coñecementos e as experiencias lingüísticas do alumnado contribúan ao desenvolvemento da súa competencia comunicativa plurilingüe. No proxecto lingüístico do centro concretaranse as medidas tomadas para a impartición do currículo integrado das linguas. Estas medidas incluírán, polo menos, acordos sobre criterios metodolóxicos básicos de actuación en todas as linguas, acordos sobre a terminoloxía que se vaia empregar, e o tratamento que se lles dará aos contidos e aos criterios de avaliación similares nas distintas materias lingüísticas, de xeito que se evite a repetición dos aspectos comúns á aprendizaxe de calquera lingua. Neste sentido, o centro dispón do Proxecto Integrado de Linguas para unha levar a cabo aprendizaxe lingüística coordinada entre os distintos departamentos de linguas en tempos, conceptos e terminoloxía, que os departamentos de linguas deberán respectar na elaboración das súas programacións didácticas.

6. As linguas oficiais utilizaranse só como apoio no proceso de aprendizaxe da lingua estranxeira. No devandito proceso, daráselles prioridade á comprensión, á expresión e á interacción oral.

Na etapa postobrigatoria de Bacharelato establece o Decreto 157/2022 no seu artigo 18 os seguintes principios:

1. No bacharelato, os centros docentes elaborarán as súas propostas pedagóxicas para todo o alumnado atendendo á súa diversidade, e favorecerán a súa capacidade para aprender por si mesmo, para traballar en equipo e promoverlo, e para aplicar métodos de investigación apropiados. Nas programacións didácticas deseñaranse actividades de recuperación, reforzo e ampliación para os distintos ritmos de aprendizaxe. proporanse actividades individuais e grupais (pequenos e grandes grupos) que favorezan por unha banda, a aprendizaxe autónoma e por outra, o traballo colaborativo.

2. A intervención educativa buscará desenvolver e asentar progresivamente as bases que faciliten ao alumnado unha adquisición e un desenvolvemento adecuados das competencias clave previstas. Así mesmo, a acción educativa favorecerá o traballo individual e en grupo, o pensamento autónomo, crítico e rigoroso, o uso de técnicas e hábitos de investigación en distintos campos do saber, a capacidade do alumnado de aprender por si mesmo, así como a transferencia e a aplicación do aprendido. Para estes efectos, teranse en conta as orientacións pedagóxicas establecidas no anexo II para cada unha das materias. Nas unidades didácticas programaranse actividades individuais e grupais (pequenos e grandes grupos) que favorezan por unha banda, a aprendizaxe autónoma e por outra, o traballo colaborativo.

3. As tecnoloxías da información e da comunicación serán unha ferramenta necesaria para a aprendizaxe en todas as materias, tanto polo seu carácter imprescindible na educación superior como pola súa utilidade e relevancia para a vida cotiá e a inserción laboral. Nas programacións didácticas estableceranse actividades e procedementos pedagóxicos que empreguen as TIC, seguindo o establecido no Plan Dixital do Centro e fomentarase o emprego da Aula Virtual para o deseño e seguimento das actividades educativas.

4. A lectura constituirá un factor fundamental para o desenvolvemento das competencias clave; é de especial relevancia o desenvolvemento de estratexias de comprensión de lectura de todo tipo de textos e imaxes, en calquera soporte e formato. Co fin de fomentar e estimular as habilidades de comprensión de lectura e de uso da información, de expresión escrita e de se expresar correctamente en público, os centros docentes organizarán a práctica docente de xeito que o profesorado nas distintas materias as poida incorporar nos termos recollidos na súa concreción curricular. As actividades de lectura comprensiva terán presenza na programación de todas as materias. Ademais, levaranse a cabo clubs de lectura no bacharelato para fomentar a lectura.

5. Os centros docentes impartirán de xeito integrado o currículo de todas as linguas da súa oferta educativa, co fin de favorecer que todos os coñecementos e as experiencias lingüísticas do alumnado contribúan ao desenvolvemento da súa competencia comunicativa plurilingüe. No proxecto lingüístico do centro concretaranse as medidas tomadas para a impartición do currículo integrado das linguas. Estas medidas incluírán, polo menos, acordos sobre criterios metodolóxicos básicos de actuación en todas as linguas, acordos sobre a terminoloxía que se vaia empregar, e o tratamento que se lles dará aos contidos e aos criterios de avaliación similares nas distintas áreas lingüísticas, de

xeito que se evite a repetición dos aspectos comúns á aprendizaxe de calquera lingua. Neste sentido, o centro dispón do Proxecto Integrado de Linguas para unha levar a cabo aprendizaxe lingüística coordinada entre os distintos departamentos de linguas en tempos, conceptos e terminoloxía, que os departamentos de linguas deberán respectar na elaboración das súas programacións didácticas.

6. As linguas oficiais utilizaranse só como apoio no proceso de aprendizaxe da lingua estranxeira. No devandito proceso, priorizaranse a comprensión, a expresión e a interacción oral.

c.2. Criterios para incorporar os elementos transversais.

Segundo o Decreto 156/2022 no seu artigo 18 son elementos transversais da ESO os seguintes:

1. Sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das materias da etapa, a comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o emprendemento social e empresarial, o fomento do espírito crítico e científico, a educación emocional e en valores, a igualdade de xénero e a creatividade traballarase en todas as materias.

2. En todo caso, fomentaranse de maneira transversal a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a concienciación e formación sobre o cambio climático, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.

3. Do mesmo xeito, promoverase a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento de calquera tipo de violencia, a pluralidade e o respecto polo Estado de dereito.

4. Evitaranse os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero. Así mesmo, empregárase unha linguaxe libre de prexuízos e estereotipos sexistas e que sexa non sexista, nos termos establecidos legalmente.

5. A consellería con competencias en materia de educación fomentará as medidas para que o alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.

Na etapa postobligatoria de Bacharelato o artigo 19 do Decreto 157/2022 establece os seguintes criterios:

1. Sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das materias da etapa, a comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o emprendemento social e empresarial, o fomento do espírito crítico e científico, a educación emocional e en valores, a igualdade de xénero e a creatividade traballarase en todas as materias.

2. Do mesmo xeito, promoverase a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento de calquera tipo de violencia, a pluralidade, e o respecto polo Estado de dereito.

3. Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, e incorporárase transversalmente a realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual. Así mesmo, empregárase unha linguaxe libre de prexuízos e estereotipos sexistas e que sexa non sexista, nos termos establecidos legalmente.

4. A consellería con competencias en materia de educación fomentará as medidas para que o alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.

As programacións didácticas dos departamentos incorporarán estes contidos transversais no desenvolvemento das súas programacións didácticas e nas actividades de aprendizaxe, serán o eixo vertebrador dos proxectosinterdisciplinares que se propoñan e criterios de selección dos materiais e ferramentas que se empreguen (textos, lecturas obrigatorias, materiais audiovisuais...).

Por outra banda, o centro, contando coa Biblioteca como elemento dinamizador, organizará actividades e conmemoracións de acontecementos destinados ao fomento dos principios e valores sinalados.

Tamén serán un criterio esencial para a organización de actividades complementarias e extraescolares.

d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía

Os obxectivos presentados obrigan ao centro a adoptar unha metodoloxía que permitan acadalos. Así pois, os distintos departamentos desenvolverán nas súas programacións as seguintes liñas metodolóxicas:

- Partir dos coñecementos previos do alumnado e construír paulatinamente os novos contidos a través de actividades de adquisición, repaso e reforzo.
- Relacionar os contidos curriculares coa vida cotiá próxima ao alumnado co obxectivo de crear interese e motivación.
- Desenvolver a reflexión e o espírito crítico para fomentar a capacidade de razoamento e as iniciativas persoais.
- Crear un clima escolar de aceptación mutua e de cooperación.
- Proporcionar os medios necesarios para acadar unha atención individualizada, desenvolvendo as medidas de reforzo, agrupamento e adaptacións curriculares que sexan precisas.
- Diversificar os instrumentos de avaliación e potenciar o seu carácter formativo.
- Favorecer a reflexión e a intuición para conseguir que o alumnado teña unha iniciativa investigadora.
- Potenciar a lectura e a busca de información e tratamento da información como fonte de coñecemento e entretemento.
- Fomentar habilidades no alumnado para que sexa capaz de continuar a aprendizaxe de forma autónoma.
- Potenciar as metodoloxías activas e participativas, combinando o traballo individual e o cooperativo.
- Potenciar a aprendizaxe por proxectos.
- Facer un uso habitual das TIC.
- Recalcar o papel facilitador do profesorado.

Por outra banda, será responsabilidade do equipo directivo:

- Promover a coordinación metodolóxica e didáctica dos equipos docente para conseguir unha formación integral do alumnado.
 - Fomentar a cooperación entre os docentes para poñer en relevo o carácter global do coñecemento.
 - Planificar as actividades complementarias e extraescolares para reforzar a aprendizaxe e a convivencia escolar.
- Establecer os tempos e os espazos que permitan orientar ao alumnado para que teña un mellor coñecemento das súas posibilidades académicas e profesionais.

e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos

O centro terá a disposición de todo o profesorado, departamentos e materias unha serie de materiais e recursos didácticos que con carácter xeral serán utilizados para a consecución dos obxectivos de cada etapa e a adquisición das competencias clave. As programacións didácticas dos diferentes departamentos recollen os diferentes recursos e materiais que serán utilizados no proceso de ensinanza-aprendizaxe, e que serán seleccionados polos departamentos en función da súa adecuación aos principios metodolóxicos xerais establecidos neste documento e os específicos de cada materia que se recollen nas programacións didácticas.

O centro dispón dos seguintes espazos didácticos:

- 4 aulas de informática (2 no edificio I e 2 no edificio II): aula de informática xeral do centro, dúas aulas de informática de Administrativo e Aula Tecnoloxía/ TIC.
- 5 aulas de desdobre.
- Aula de Convivencia.
- Aula de Debuxo.
- 3 Aulas/ despacho de titorías, unha dotada como aula de enfermería e outra como aula de titorías telefónicas ou videoconferencias.
- Aula de videoconferencias.
- Aula de emprendemento.
- Aula de Música.
- Aula/ despacho de Pedagogía Terapéutica.
- Aula de Idiomas.
- Laboratorio de Química.

- Laboratorio de Física.
- Laboratorio de Bioloxía e Xeoloxía.
- Taller de Tecnoloxía.
- 3 Talleres de Automoción.
- Aulas con mesas e cadeiras, tableiros de xiz ou brancos, equipamento multimedia.
- Biblioteca.
- Departamentos didácticos: Linguas. Matemáticas. Xeografía e Historia. Filosofía. Idiomas. Administrativo. Automoción. Orientación.
- Ximnasio.
- Pavillón polideportivo e instalacións deportivas.
- Salón de actos.

En canto aos recursos materiais o centro dispón de dúas fotocopiadoras-impresoras en conserxería do edificio II e dúas na sala de profesorado, equipamento de radio...

No referente aos recursos humanos, diferentes membros do claustro realizan tarefas didácticas, organizativas e pedagóxicas que contribúen ao desenvolvemento da actividade docente e a adquisicións dos obxectivos de etapa. Podemos destacar:

- O equipo TIC, xestionando o equipamento informático e asesorando sobre o seu uso.
- O equipo de Biblioteca, xestionando os recursos bibliográficos e a Radio.
- Os equipos de Convivencia e Mediación, fomentando a convivencia entre o alumnado.
- O equipo TEI, promovendo o programa de Titorización entre Iguais.
- O equipo de Normalización, fomentando a utilización do galego como lingua vehicular, en igualdade de condicións que o castelán, como linguas cooficiais.

En canto os criterios de elección de materiais e recursos didácticos establécense con carácter xeral os seguintes:

1. Os obxectivos da etapa.
2. As situacións educativas concretas de cada materia.
3. O nivel de desenvolvemento do alumnado e a súa diversidade.
4. A disposición do material e o seu uso.
5. A finalidade pedagóxica.
6. O contexto educativo do centro.
7. A inclusión de elementos transversais.

A adecuación aos criterios de avaliación establecidos nas programacións.

f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso

-OFERTA EDUCATIVA

- Ensino Secundario Obrigatorio.
- Bacharelato: Científico. Humanidades e Ciencias Sociais.
- Ciclos formativos:
 - Grao Medio: Xestión Administrativa. Electromecánica de Vehículos.
 - Grao Superior: Administración e Finanzas.
- FP básica: Mantemento de Vehículos. Servizos Administrativos. Cociña e Restauración
- Adultos:
 - Nivel III e IV de Educación Secundaria de Adultos.
- Oferta modular do Ciclo Medio de Xestión Administrativa (modadlidade a distancia).

- ITINERARIOS E MATERIAS OPTATIVAS EN ESO E BACHARELATO

Primeiro de ESO:

O alumnado de primeiro de ESO deberá elixir :

- (a) A segunda lingua estranxeira: Francés ou Portugués
- (b) Entre Relixión ou Proxecto competencial *¿Un medio sostible, unha realidade¿.*

As horas de disposición de centro adicaranse a Reforzar o ámbito matemático (1 sesión) e o Lingüístico (1 hora).

Segundo de ESO:

O alumnado de segundo de ESO deberá elixir:

A segunda lingua estranxeira: Francés ou Portugués Entre Relixión ou Proxecto competencial "".

As horas de disposición de centro adicaranse a Reforzar o ámbito matemático (1 sesión) e o Lingüístico (1 hora).

Terceiro de ESO:

O alumnado de terceiro de ESO deberá elixir:

- 1) Entre Relixión e Proxecto competencial: Obxectivo: consumo responsable.
- 2) Entre Cultura clásica, Segunda lingua estranxeira: Francés, Educación Dixital e Oratoria. Cuarto de ESO: O alumnado de cuarto curso de ESO deberá elixir unha das seguintes opcións:

Opción CIENCIAS E TECNOLOXÍA

Matemáticas B. Bioloxía e Xeoloxía. Física e Química.

Opción HUMANIDADES E CIENCIAS SOCIAIS

ELIXIR ENTRE: Matemáticas A / Matemáticas B. Economía e Emprendemento

Latín

Opción C FORMACIÓN PROFESIONAL

Matemáticas A.

Economía e Emprendemento

Formación e orientación persoal e profesional

Ademais, en cada opción, o alumnado ten que elixir unha materia de opción entre as seguintes:

Tecnoloxía. Expresión Artística. Dixitalización. Música. Segunda lingua estranxeira: Francés.

Ademais, o alumnado de cuarto curso de ESO deberá elixir entre relixión e Proxecto competencial. Tamén deberá elixir unha materia optativa entre:

Cultura clásica (só no caso de que non se cursara en 3º ESO). Oratoria (só no caso de que non se cursara en 3º ESO). Dixitalización. Filosofía. Segunda lingua estranxeira: Francés.

Primeiro de Bacharelato:

No Centro impártense dúas modalidades de Bacharelato: Ciencias e Tecnoloxía e Ciencias Sociais e Humanidades. O alumnado ten tres tipos de materias: comúns, de modalidade e e materias optativas. O reparto de materias de opción e específicas é o seguinte:

-Materias de modalidade:

1. Modalidade de Ciencias e Tecnoloxía

-Matemáticas I (obligatoria)

-Física e Química

-Unha materia a elixir entre: Bioloxía, xeoloxía e ciencias ambientais Debuxo Técnico I Tecnoloxía e enxeñaría I.

2. Modalidade de Ciencias Sociais e Humanidades. Itinerario Ciencias Sociais:

-Matemáticas aplicadas ás ciencias sociais I (obligatoria)

-Historia do mundo contemporáneo

-Unha materia a elixir entre: Grego I Economía Literatura Universal

3. Modalidade de Ciencias Sociais e Humanidades. Itinerario Humanidades:

-Latín I (obligatoria)

-Historia do mundo contemporáneo

-Unha materia a elixir entre: Grego I Economía Literatura Universal

-Materias optativas:

Ademais, en cada opción, o alumnado ten que elixir:

1. Entre Relixión católica e Atención Educativa

2. Unha optativa entre: Antropoloxía, Cultura Científica, Tecnoloxías da información e da comunicación I, Debuxo Artístico I, 2ª Lingua estranxeira: Francés, Linguaxe e práctica musical ou unha materia de modalidade non cursada.

Segundo de Bacharelato: Segundo de Bacharelato:

No centro impártense dúas modalidades de Bacharelato. O alumnado ten tres tipos de materias: comúns, de modalidade e optativas. O reparto de materias de modalidade e optativas é o seguinte:

Materias de modalidade:

- Modalidade de Ciencias e Tecnoloxía

Elixir unha:

o Matemáticas II (obligatoria).

o Matemáticas aplicadas ás CCSS II

Elixir unha:

o Física

o Química

Elixir unha:

o Bioloxía

- o Debuxo técnico II
- o Tecnoloxía e Enxeñaría II
- o Xeoloxía e Ciencias Ambientais

- Modalidade de Humanidades e Ciencias Sociais.

-Itinerario de Ciencias Sociais

- o Matemáticas aplicadas ás CCSS II Elixir dúas:
- o Historia da Arte
- o Empresa e Deseño de Modelos de Negocio
- o Xeografía

-Itinerario de Humanidades

- o Latín II

Elixir dúas:

- o Historia da Arte
- o Empresa e Deseño de Modelos de Negocio
- o Xeografía
- o Grego II

Materias de modalidade:

Ademais, en cada opción, o alumnado ten que elixir:

1. Entre Relixión católica e Atención Educativa.
2. Unha optativa entre: Psicoloxía, Historia da Música e da Danza, Tecnoloxías da información e da comunicación II, Debuxo Artístico II, 2ª Lingua estranxeira: Francés II, Xeografía, Historia, Arte e Patrimonio de Galicia ou unha materia de modalidade non cursada.

g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias

Ao comezo de cada curso escolar os departamentos entregarán á Vicedirección unha proposta de actividades extraescolares e complementarias previstas para ese curso. Nunha Comisión Pedagóxica convocada ao efecto estudaranse todas as propostas e decidírase que actividades se realizarán. Á hora de establecer as que se van levar a cabo farase un reparto o máis homoxéneo posible a fin de evitar unha gran disparidade entre os diferentes cursos, sobre todo na ESO. Establecerase un máximo de actividades para cada curso.

Cada proposta de actividade ten que ir acompañada dos seguintes apartados:

1. Nome da actividade cunha descrición da mesma.
2. Alumnado ao que vai dirixida.
3. Data e temporalización prevista.
4. Profesorado acompañante.
5. Obxectivos que se pretenden acadar coa actividade.

Para poder desenvolver as actividades aprobadas, o departamento organizador deberá comunicar á Vicedirección, cunha antelación mínima de 15 días, a proposta da actividade extraescolar ou complementaria, na que constarán o nome da actividade e unha breve descrición da mesma, alumnado ao que vai dirixido, data e temporalización, recursos previstos necesarios e presuposto dos mesmos se é o caso, profesorado responsable e profesorado acompañante e obxectivos que se pretenden acadar.

Aspectos que hai que ter en conta na realización das actividades:

1. As actividades serán propostas para todo o alumnado de cada nivel educativo.
2. As actividades que se leven a cabo no propio Centro son obrigatorias para todo o alumnado, que estará acompañado polo profesorado que teña clase a esas horas.
3. O profesorado organizador será o encargado de repartir e recoller as autorizacións necesarias para as saídas e o importe que tivera que abonar o alumnado.
4. Cunha antelación mínima de tres días, para cada saída, será entregado na Vicedirección un listado e as autorizacións do alumnado participante.
5. Nas saídas o número de profesores acompañantes debe ser de un por cada vinte alumnos, cun mínimo sempre de dous profesores.
6. O alumnado non poderá ir a unha actividade fóra do Centro se non conta coa autorización expresa e por escrito do seu pai/nai ou titor legal.
7. As actividades serán anunciadas nun lugar específico da sala de profesores e nas respectivas aulas.
8. Ao rematar as actividades o profesorado responsable presentará o ante posible na Vicedirección unha memoria da actividade.

h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso

1.- PLAN DE REFORZO PARA O ALUMNADO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA QUE PASE DE CURSO CON MATERIAS SEN SUPERAR

1. O alumnado de educación secundaria obrigatoria que se promova de curso con materias sen superar deberá seguir un plan de reforzo en cada unha desas materias, destinado á súa recuperación e á súa superación.

2. O plan de reforzo será elaborado polo profesorado que imparte a materia que a alumna ou o alumno teñan pendente de superar, baixo as directrices do correspondente departamento didáctico e co coñecemento do profesorado titor, e terá como referentes os obxectivos da materia e a contribución á adquisición das competencias. Igualmente, será un plan que se adapte ás particularidades de cada alumna ou alumno destinatarios. O departamento didáctico velará pola realización do plan por parte da alumna ou do alumno.

3. O plan de reforzo debe incluír, cando menos:

- a) Identificación da alumna ou do alumno.
- b) Información relevante sobre a materia ou as materias sen superar.
- c) Currículo para desenvolver, con especificación dos criterios de avaliación.
- d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- e) Recursos necesarios para o seu desenvolvemento.
- f) Tarefas para realizar, coa debida temporización.
- g) Seguimento e avaliación.
- h) Acreditación da información á familia.

4. En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan de reforzo consignando no boletín unha nota numérica segundo o procedemento que se estableza na programación didáctica da materia e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que procedan. Na sesión de avaliación final do curso en que estean escolarizados o alumno ou alumna, a profesora ou o profesor da materia pendente decidirán sobre a súa avaliación, nos termos que se establecen na normativa que regula a avaliación na educación secundaria obrigatoria. En todo caso, para superar a materia pendente, a alumna ou o alumno deberán obter avaliación positiva no plan de reforzo correspondente, o que se terá en conta para os efectos de promoción e/ou titulación.

O alumnado que non acade a promoción permanecerá un ano máis no mesmo curso. A permanencia no mesmo curso considerarase unha medida de carácter excepcional e tomarase logo de esgotar as medidas ordinarias de reforzo e apoio para superar as dificultades de aprendizaxe da alumna ou do alumno. En todo caso, a permanencia no mesmo curso planificarase de maneira que as condicións curriculares se adapten ás necesidades do alumnado e estean orientadas á superación das dificultades detectadas, así como ao avance e ao afondamento nas aprendizaxes xa adquiridas. Estas condicións recollense nun plan específico personalizado seguindo o modelo establecido polo centro con cantas medidas se consideren adecuadas para este alumnado.

Para a elaboración e o seguimento do plan específico personalizado ao que se refire o punto anterior, seguirase o establecido no artigo 52 da Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

2.- RECUPERACIÓN DE MATERIAS PENDENTES NO BACHARELATO

1. O alumnado que promocióne de curso sen ter superadas todas as materias debe seguir un programa de reforzo para recuperalas e deberá superar a avaliación correspondente.

2. Realizaranse, como mínimo, dous exames e, para o alumnado que o precise, un exame final no mes de maio. Ademais haberá un exame extraordinario. En calquera caso, en cada avaliación trimestral o profesorado deberá poñer unha nota numérica segundo o procedemento que se indique na programación didáctica.

3. Os Departamentos poderán establecer nas súas programacións didácticas actividades complementarias que se poderán ter en conta no proceso de avaliación de materias pendentes, pero sempre se respectará o dereito do alumnado aos exames antes sinalados.

4. O calendario de exames será establecido e comunicado pola Xefatura de Estudos.

5. A Xefatura de Departamento será a encargada de coordinar todo o proceso de recuperación de pendentes do seu departamento didáctico, se ben poderá delegar nos restantes membros algunhas destas actividades. A Xefatura será en todo caso a responsable última de todos cantos aspectos se refiran ao proceso de recuperación de materias pendentes do seu departamento.

i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso

1. Cando unha alumna ou un alumno de educación secundaria obrigatoria permaneza un ano máis no mesmo curso debe seguir un plan específico personalizado, que ten como finalidade adaptar as condicións curriculares ás necesidades da alumna ou do alumno, para tratar de superar as dificultades detectadas. Este plan elaborárase o equipo docente, baixo a coordinación do profesorado titor, e desenvolverase ao longo de todo o curso.
2. O plan específico personalizado debe incluír, cando menos:
 - a) Identificación da alumna ou do alumno.
 - b) Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso.
 - c) Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.
 - d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
 - e) Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan.
 - f) De ser o caso, oferta de medidas extraordinarias.
 - g) Acreditación da información á familia.
3. En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan específico personalizado e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que procedan. Ao final do curso, na mesma sesión de avaliación, informarase sobre o seu desenvolvemento e o seu aproveitamento.
4. En todo caso, a alumna ou o alumno poderá permanecer no mesmo curso unha soa vez, e dúas veces como máximo ao longo do ensino obrigatorio. De xeito excepcional poderase permanecer un ano máis no cuarto curso, aínda que se esgotase o máximo de permanencia, sempre que o equipo docente considere que esta medida favorece a adquisición das competencias establecidas para a etapa. Neste caso poderase prolongar un ano o límite de idade ao que se refire o artigo 4.2 da Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

j) Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación

CRITERIOS XERAIS SOBRE A PROMOCIÓN E TITULACIÓN NA ESO

1. Avaliación

A avaliación da aprendizaxe do alumnado levarase a cabo tomando como referentes para a comprobación do grao de adquisición das competencias e do logro dos obxectivos da etapa os criterios de avaliación e, de ser o caso, os estándares de aprendizaxe que se recollen no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

¿ Os referentes da avaliación no caso do alumnado con adaptación curricular serán os incluídos na devandita adaptación, sen que isto poida impedirle a promoción ao seguinte curso ou a obtención do título de graduado ou graduada en educación secundaria obrigatoria.

A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado de educación secundaria obrigatoria será continua, formativa e integradora.

No contexto do proceso de avaliación continua, cando o progreso dunha alumna ou dun alumno non sexa o adecuado, estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades, con especial seguimento da situación do alumnado con necesidades educativas especiais, e estarán dirixidas a garantir a adquisición das aprendizaxes imprescindibles para continuar o proceso educativo.

A avaliación das aprendizaxes das alumnas e dos alumnos terá un carácter formativo e será un instrumento para a mellora tanto dos procesos de ensino como dos procesos de aprendizaxe.

A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado deberá ser integradora e deberán terse en conta como referentes últimos, desde todas e cada unha das materias ou ámbitos, a consecución dos obxectivos establecidos para a etapa e o desenvolvemento das competencias correspondentes. O carácter integrador da avaliación non impedirá que o profesorado realice de xeito diferenciado a avaliación de cada materia ou ámbito tendo en conta os seus criterios de avaliación e, de ser o caso, os estándares de aprendizaxe de cada unha delas.

Ao longo de cada curso realizaranse para cada grupo tres sesións de avaliación parciais. Así mesmo, farase o seguimento da recuperación das materias ou dos ámbitos pendentes, se for o caso. A derradeira destas tres avaliacións realizarase nas datas que se determinen na norma que estableza o calendario escolar para cada curso.

Na avaliación final de cada curso realizarase unha valoración das competencias clave. Os resultados expresaranse nos termos de insuficiente (IN), para as cualificacións negativas, e suficiente (SU), ben (BE), notable (NT) ou

sobresaliente (SB), para as cualificacións positivas.

A persoa titora recollerá en acta, para cada sesión de avaliación, seguindo o modelo que a tal efecto establecerá o centro, as decisións e os acordos acadados referidos a cada alumna e alumno, e ao grupo no seu conxunto.

As decisións adoptadas polo equipo docente irán referidas á promoción e á titulación do alumnado, ás medidas de atención á diversidade e a todas as que incidan no proceso educativo do alumnado. De non existir unanimidade no equipo docente, a toma de decisións requirirá o acordo favorable da maioría simple dos seus membros.

2. Promoción

Ao finalizar cada un dos cursos da etapa e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente da alumna ou do alumno, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a súa promoción. A decisión será adoptada de xeito colexiado, atendendo á consecución dos obxectivos, ao grao de adquisición das competencias establecidas e á valoración das medidas que favorezan o progreso da alumna ou do alumno, e tendo en conta os criterios de promoción.

Para os efectos do disposto no punto anterior, acadará a promoción dun curso a outro o alumnado que superase as materias ou os ámbitos cursados ou teña avaliación negativa nunha ou dúas materias, considerándose para o cómputo as materias non superadas do propio curso e as de cursos anteriores. Ademais de nos casos anteriores, o equipo docente poderá decidir a promoción dunha alumna ou dun alumno, sempre que se cumpran tamén todas as condicións seguintes:

(a) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias nas que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.

(b) Que a suma dos períodos lectivos semanais establecidos no anexo IV das materias ou dos ámbitos con avaliación negativa non sexa superior a dez. Para estes efectos, non se considerarán as materias pendentes de cursos anteriores nin as horas de libre disposición.

(c) Que o equipo docente considere que a natureza das materias non superadas lle permite seguir con éxito o curso seguinte.

(d) Que o equipo docente estime que ten expectativas favorables de recuperación.

(e) Que o equipo docente estime que a devandita promoción beneficiará a súa evolución académica. O centro disporá dun modelo de acta final coa decisión de promoción na que haxa que reflexionar e argumentar a decisión sobre determinados aspectos, ademais dos indicados nos apartados anteriores, tales como: circunstancias persoais do alumno/a (p.e. motivo xustificativo de perda de asistencia prolongada), grao de madurez e autonomía, actitude e esforzo, adquisición de técnicas básicas de traballo e aprendizaxe, posibles beneficios ou prexuízos da repetición...

A votación sobre a decisión realizarase en todo caso, agás que non se cumpla o criterio (a), tomarase por maioría simple e o resultado recollerase na acta.

O alumnado que acade a promoción de curso con materias sen superar deberá seguir un plan de reforzo en cada unha desas materias, destinado á súa recuperación e á súa superación.

Para a elaboración e o seguimento do plan de reforzo ao que se refire o punto anterior, seguirase UN plan de reforzo materia pendentes segundo o establecido no artigo 51 da Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación:

-Consello orientador

Ao finalizar o segundo curso entregaráselles aos pais, ás nais ou ás persoas que teñan a titoría legal de cada alumna ou alumno un consello orientador. Este consello incluírá un informe sobre o grao de logro dos obxectivos e de adquisición das competencias correspondentes, así como unha proposta a pais, nais ou tutores ou titoras legais, ou, de ser o caso, á alumna ou ao alumno, da opción que se considere máis adecuada para continuar a súa formación, que poderá incluír a incorporación a un programa de diversificación curricular ou a un ciclo formativo de grao básico.

Igualmente, ao finalizar a etapa ou, de ser o caso, ao concluír a súa escolarización, todo o alumnado recibirá un consello orientador individualizado que incluírá unha proposta sobre a opción ou as opcións académicas, formativas ou profesionais que se consideran máis convenientes. Este consello orientador terá por obxecto que todo o alumnado atope unha opción adecuada para o seu futuro formativo.

Ademais de nos casos anteriores, cando o equipo docente estime conveniente propor a pais, nais, tutores ou titoras legais, ou á alumna ou ao alumno a súa incorporación a un ciclo formativo de grao básico ou a un programa de diversificación curricular, ou ao primeiro curso dun programa de mellora da aprendizaxe e do rendemento, nalgún outro curso en que resulte de aplicación, a devandita proposta formularase a través dun consello orientador que se emitirá con esa única finalidade.

Este consello orientador elaboraráo o profesorado titor, logo da información recollida na sesión de avaliación final e co asesoramento do departamento de orientación. Levará a sinaturado profesorado titor e da persoa que exerza a xefatura do departamento de orientación, e o visto e prace da dirección do centro docente. O consello orientador incluírase no expediente da alumna ou do alumno.

-Título de graduado en educación secundaria obrigatoria

1) Ao finalizar o cuarto curso da etapa e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente da alumna ou do alumno, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a súa titulación. A decisión será adoptada de xeito colexiado, atendendo á adquisición das competencias establecidas e á consecución dos obxectivos da etapa, sen prexuízo do establecido no artigo 7.2 desta orde, e tendo en conta os criterios de titulación.

2) Para os efectos do disposto no punto anterior, obterá o título de graduado en educación secundaria obrigatoria o alumnado que supere todas as materias ou ámbitos cursados. Ademais de no caso anterior, o equipo docente poderá decidir a obtención do título por parte dunha alumna ou dun alumno, sempre que se cumpran tamén todas as condicións seguintes:

a. Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.

b. Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno adquirira as competencias clave establecidas no perfil de saída.

c. Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno alcanzase os obxectivos da etapa.

O centro disporá dun modelo de acta de avaliación final coa decisión de titulación na que haxa que reflexionar e argumentar a decisión sobre determinados aspectos, ademais dos indicados nos apartados anteriores, tales como: circunstancias persoais do alumno/a (p.e. motivo xustificativo de perda de asistencia prolongada), grao de madurez e autonomía, actitude e esforzo, adquisición de técnicas básicas de traballo e aprendizaxe, posibles beneficios ou prexuízos da repetición.

3) O título de graduado en educación secundaria obrigatoria será único e expedirse sen cualificación.

4) As alumnas e os alumnos recibirán, ao concluíren a súa escolarización na educación secundaria obrigatoria, unha certificación oficial na que constará o número de anos cursados e o nivel de adquisición das competencias da etapa.

5) O alumnado que, logo de finalizado o proceso de avaliación do cuarto curso de educación secundaria obrigatoria, non obteña o título e supere os límites de idade establecidos no artigo 4.2 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, tendo en conta así mesmo a prolongación excepcional da permanencia na etapa que prevé a propia lei no artigo 28.5, poderao facer nos dous cursos seguintes a través da realización de probas ou actividades personalizadas extraordinarias das materias que non superase, de acordo co currículo establecido e coa organización e instrucións que dispoña a Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional.

-Obtención do título de graduado en educación secundaria obrigatoria desde a formación profesional básica

A superación da totalidade dos módulos incluídos nun ciclo de formación profesional básica conducirá á obtención do título de graduado en educación secundaria obrigatoria.

-Matrícula de honra

1) As alumnas e os alumnos que, logo da avaliación final do cuarto curso, obtivesen unha nota media do cuarto curso igual ou superior a nove puntos poderán recibir a mención de matrícula de honra. A devandita mención poderá concederse, como máximo, a un número de alumnas ou alumnos igual ao enteiro máis próximo ao 5 % do total de alumnado matriculado no centro docente no cuarto curso. En todo caso, cando no centro docente o total de alumnado matriculado no cuarto curso de educación secundaria obrigatoria sexa inferior a vinte, poderá concederse unha mención de matrícula de honra.

2) A obtención da mención de matrícula de honra será consignada nos documentos de avaliación da alumna ou do alumno.

3) Os criterios para a concesión das mencións de matrícula de honra ao alumnado serán previamente acordados e establecidos na concreción curricular do centro, e deben ser obxectivos e públicos.

1º) Maior nota media EN 4º DE ESO.

2º) Maior nota media na etapa.

3º) Maior número de cualificacións 10 en cuarto curso.

4º) Maior número de cualificacións 9 en cuarto curso.

5º) Maior número de cualificacións 10 na etapa.

6º) Maior número de cualificacións 9 na etapa.

7º) No caso de persistir o empate, concederáse á persoa que teña notas máis altas, en primeiro lugar, no cuarto curso e, en segundo lugar, na etapa.

CRITERIOS XERAIS SOBRE A PROMOCIÓN E TITULACIÓN EN BACHARELATO

Avaliación

0) A avaliación da aprendizaxe do alumnado levarase a cabo tomando como referentes para a comprobación do grao de adquisición das competencias e do logro dos obxectivos da etapa os criterios de avaliación e, de ser o caso, os estándares de aprendizaxe que se recollen no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

1) A avaliación da aprendizaxe do alumnado será continua e diferenciada segundo as distintas materias, terá un carácter formativo e será un instrumento para a mellora tanto dos procesos de ensino como dos procesos de aprendizaxe.

2) O profesorado de cada materia decidirá, ao termo do curso, se a alumna ou o alumno logrou os obxectivos e alcanzou o adecuado grao de adquisición das competencias correspondentes.

3) O alumnado que non supere algunha materia, logo da avaliación final do período ordinario, coa finalidade de lle facilitar a súa recuperación, terá dereito a realizar unha proba extraordinaria nas datas que se determinen na norma que estableza o calendario escolar para cada curso.

4) Ao longo de cada curso realizaranse para cada grupo tres sesións de avaliación parciais. Así mesmo, farase o seguimento da recuperación das materias pendentes, se for o caso. A derradeiradestas tres sesións poderá coincidir coa avaliación final do período ordinario. Haberá, así mesmo, unha sesión de avaliación logo da realización das probas extraordinarias. As avaliacións finais ordinaria e extraordinaria realizaranse nas datas que se determinen na norma que estableza o calendario escolar para cada curso.

5) No SEGUNDO CURSO de bacharelato, no período abranguido desde a realización da avaliación final ordinaria ata as datas de celebración das probas extraordinarias, o centro educativo organizará a impartición das clases co fin de preparar o alumnado para a realización da avaliación de acceso á universidade e das probas extraordinarias.

6) No PRIMEIRO CURSO de bacharelato, o período abranguido desde a realización da avaliación final ordinaria ata o remate do período lectivo dedicarase á preparación e á realización das probas extraordinarias, e a actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titoría.

7) Os resultados da avaliación das materias expresaranse mediante cualificacións numéricas de cero a dez sen decimais, e consideraranse negativas as cualificacións inferiores a cinco. Cando o alumnado non se presente ás probas extraordinarias consignarase non presentado/a (NP).

8) A persoa titora recollerá en acta, para cada sesión de avaliación, as decisións e os acordos acadados referidos a cada alumna e alumno, e ao grupo no seu conxunto.

9) As decisións adoptadas polo equipo docente irán referidas á promoción e á titulación do alumnado, ás medidas de atención á diversidade e a todas as que incidan no proceso educativo do alumnado. De non existir unanimidade no equipo docente, a toma de decisións requirirá o acordo favorable da maioría simple dos seus membros.

Promoción

1) Ao finalizar o primeiro curso da etapa e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente de cada alumna ou alumno adoptará a decisión sobre a súa promoción a segundo curso.

2) As alumnas e os alumnos acadarán a promoción de primeiro a segundo de bacharelato cando superen as materias cursadas ou teñan avaliación negativa en dúas materias como máximo.

3) O alumnado que acade a promoción ao segundo curso con materias pendentes deberá matricularse delas e cursalas ao longo do curso. Os centros educativos organizarán as consecuentes actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes tendo en conta que a avaliación destas materias terá que ser anterior á das materias de segundo curso.

4) As alumnas e os alumnos do primeiro curso de bacharelato que non cumpran as condicións de promoción establecidas deberán matricularse de todas as materias e repetir o curso na súa totalidade.

5) A superación das materias de segundo curso que se indican no anexo VI do Decreto 86/2015, do 25 de xuño, estará condicionada á superación das correspondentes materias de primeiro curso indicadas no devandito anexo, por implicar continuidade.

Non obstante, o alumnado poderá matricularse de materias troncais de opción ou específicas de segundo curso sen cursar a correspondente materia de primeiro curso, sempre que o profesorado que a imparta considere que a alumna ou o alumno reúne as condicións necesarias para poder seguir con aproveitamento a materia de segundo, conforme aos criterios establecidos nas programacións didácticas. En caso contrario, deberá cursar a materia de primeiro curso, que terá a consideración de materia pendente, aínda que non será computable para os efectos de modificar as condicións nas que acadou a promoción a segundo.

6) As alumnas e os alumnos que ao termo do segundo curso tivesen avaliación negativa nalgunhas materias poderán matricularse delas sen necesidade de cursar de novo as materias superadas ou poderán optar, así mesmo, por repetir o curso completo. Neste último caso, non se manterán as cualificacións da materias do devandito curso que a alumna ou o alumno tivera superado previamente.

7. A consellería con competencias en materia de educación establecerá as condicións nas que unha alumna ou un alumno que curse o primeiro curso de bacharelato nunha determinada modalidade ou vía poida pasar ao segundo curso nunha modalidade ou vía distinta, así como o cambio de materias.

Título de bacharel

1) O título de bacharel acredita o logro dos obxectivos establecidos para a etapa e a adquisición das competencias correspondentes.

2) Para obter o título de bacharel cumprirá a avaliación positiva en todas as materias dos dous cursos de

bacharelato.

3) Excepcionalmente, o equipo docente poderá decidir na avaliación extraordinaria a obtención do título de bacharel por unha alumna ou un alumno que superase todas as materias agás unha, sempre que se cumpran ademais todas as condicións seguintes:

a. Que o equipo docente considere que a alumna ou o alumno alcanzou as competencias e os obxectivos vinculados a ese título.

b. Que non se produciu unha inasistencia continuada e non xustificada, é dicir, superior ao 10% da carga horaria da materia, por parte da alumna ou do alumno na materia. O alumno será apecerbido desta posibilidade cando alcance unha inasistencia do 6% e informado do feito cando sexa consumado.

c. Que a alumna ou o alumno se presentou ás probas e realizou as actividades necesarias, definidas nas correspondentes programacións didácticas, para a súa avaliación, incluídas as da convocatoria extraordinaria.

d. Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias da etapa cursadas que como mínimo se requiran para a obtención do título pola modalidade pola que se remata sexa igual ou superior a cinco. Neste caso, para os efectos do cálculo considerárase a nota numérica obtida na materia non superada.

De cumprírense estes criterios, a votación sobre a decisión, tomada por maioría simple, realizarase en todo caso e o resultado recollerase na acta.

4) O título de bacharel será único e expedirase con expresión da modalidade cursada e da nota media obtida, que se obterá calculando a media aritmética das cualificacións de todas as materias cursadas, expresada nunha escala de 0 a 10 con dous decimais, redondeada á centésima.

5) Para os efectos do cálculo da nota media para o alumnado que cambia de modalidade ou da materia en segundo curso, só se terán en conta as cualificacións das materias cursadas que como mínimo se requiran para a obtención do título pola modalidade pola que se remata.

Matrícula de honra

1) O alumnado que, logo da avaliación final ordinaria do segundo curso, obtivese unha nota media do segundo curso igual ou superior a nove puntos poderá recibir a mención de matrícula de honra. A devandita mención poderá concederse, como máximo, a un número de alumnos ou alumnas igual ao enteiro máis próximo ao 5 % do total de alumnado matriculado no centro docente no segundo curso.

2) En todo caso, cando no centro docente o total de alumnado matriculado no segundo curso de bacharelato sexa inferior a vinte, poderá concederse unha distinción de matrícula de honra.

3) A obtención da mención de matrícula de honra será consignada nos documentos de avaliación da alumna ou do alumno.

4) Os criterios para a concesión das mencións de matrícula de honra ao alumnado serán previamente acordados e establecidos na concreción curricular do centro, e deben ser obxectivos e públicos.

1º) Maior nota media en 2º de Bacharelato.

2º) Maior nota media na etapa.

3º) Maior número de cualificacións 10 en 2º de Bacharelato.

4º) Maior número de cualificacións 9 en 2º de Bacharelato.

5º) Maior número de cualificacións 10 na etapa.

6º) Maior número de cualificacións 9 na etapa.

7º) No caso de persistir o empate, concederáse á persoa que teña notas máis altas, en primer lugar, no segundo curso e, en segundo lugar na etapa.

No suposto de que exista algunha reclamación por desacordo coa cualificación final dalgunha materia e esta afectase á obtención desta mención, unha vez resolta esa reclamación e no caso de que haxa rectificación da cualificación, a xunta de avaliación reunirse en sesión extraordinaria para revisar a relación do alumnado beneficiario modificalo no caso necesario.

3.- CRITERIOS XERAIS SOBRE A PROMOCIÓN EN FP BÁSICA E CICLOS.

1. - En ciclos:

Segundo a Orde do 12 de xullo de 2011 pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial, no seu artigo 4: O alumnado poderá formalizar a matrícula no segundo curso cando teña superados todos os módulos do primeiro curso ou se a suma da duración do módulo ou módulos pendentes non supera as 300 horas.

En todo caso, cando un alumno ou unha alumna non logre a promoción deberá repetir os módulos profesionais non superados, para o cal deberá formalizar a matrícula no mesmo curso e incorporárase ao grupo de alumnado correspondente.

Con carácter xeral, o alumnado poderá realizar a matrícula de primeiro ou segundo curso no mesmo centro un máximo de dúas veces, sempre que non esgotase o número de convocatorias (catro) establecido no artigo 3.

Nota: A formalización da matrícula do ciclo formativo cada curso académico dá dereito a unha única convocatoria para cada un dos módulos profesionais que se esgota cando se realice a avaliación final de módulos do curso.

2.- En Formación Profesional Básica

Segundo a Orde do 13 de xullo de 2015 pola que se regulan as ensinanzas de formación profesional básica, no seu artigo 22:

O alumnado de primeiro curso terá promoción cando:

- Superase todos os módulos nalgunha das convocatorias establecidas.
- Os módulos profesionais asociados a unidades de competencia pendentes non supere o 20% do horario semanal (é dicir, teña 6 horas/semanais ou menos) e superase o módulo de Comunicación e Sociedade I ou o módulo de Ciencias aplicadas I.

Con todo, deberá matricularse destes módulos pendentes de primeiro curso. O alumnado que non cumpra os requisitos de promoción a segundo curso deberá repetir o primeiro curso na súa totalidade. Nos módulos asociados a unidade de competencia que fosen previamente superados manterase a cualificación obtida con anterioridade e o alumnado cursará estes módulos coa finalidade de subir a cualificación (artigo 15, Resolución do 3 agosto de 2017)

Os alumnos e alumnas poderán permanecer cursando un ciclo de formación profesional básica durante un máximo de catro anos. (artigo 4, Decreto 107/2014).

Os alumnos e alumnas, sen superar o prazo máximo de permanencia, poderán repetir cada curso unha soa vez como máximo, aínda que excepcionalmente poderán repetir un dos cursos unha segunda vez, logo do informe favorable do equipo docente (artigo 21, Orde do 13 xullo de 2015).

Segundo a Orde do 12 de xullo de 2011 pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial, no seu artigo 4, punto 2:

O alumnado poderá formalizar a matrícula no segundo curso cando teña superados todos os módulos do primeiro curso ou se a suma da duración do módulo ou módulos pendentes non supera as 300 horas.

En todo caso, cando un alumno ou unha alumna non logre a promoción deberá repetir os módulos profesionais non superados, para o cal deberá formalizar a matrícula no mesmo curso e incorporarse ao grupo de alumnado correspondente.

No caso da Formación Profesional Básica, o alumnado de primeiro curso terá promoción cando:

- Superase todos os módulos nalgunha das convocatorias establecidas.
- Os módulos profesionais asociados a unidades de competencia pendentes non supere o 20% do horario semanal e superase o módulo de Comunicación e Sociedade I ou o módulo de Ciencias aplicadas I.

Con todo, deberá matricularse destes módulos pendentes de primeiro curso.

4- CRITERIOS XERAIS SOBRE A PROMOCIÓN E TITULACIÓN DO ALUMNADO DE ESA.

Promoción

O alumnado promocionará do módulo 3 ao módulo 4 do Nivel II de Educación de Adultos cando supere os obxectivos de todos os ámbitos cursados ou teña avaliación negativa nun dos ámbitos de coñecemento.

O alumnado que non promocione ao módulo 4 ou que promocione cun ámbito suspenso, terá unha avaliación extraordinaria no mes de maio. Se tras esta avaliación non supera os ámbitos pendentes poderá cursarllos no curso seguinte.

Titulación

Será proposto para a obtención do título de Graduado en Educación Secundaria o alumnado que cumpra as seguintes condicións:

- Ter cualificación positiva en todos os ámbitos de coñecemento dos módulos 3 e 4.
- Ter un ámbito suspenso do módulo 4 (na avaliación extraordinaria), cumprindo os requisitos de:
 - Acadar globalmente as competencias básicas e os obxectivos establecidos no ensino parapersonas adultas.
 - Asistencia as clases, interese, bó comportamento, traballo diario, etc.
 - Non mostrar un reiterado abandono dalgunha materia do ámbito avaliado negativamente.
 - Acadar unha nota mínima de 3 no ámbito avaliado negativamente.

k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso

ESO:

As alumnas e os alumnos que, logo da avaliación final do cuarto curso, obtivesen unha nota media do cuarto curso igual ou superior a nove puntos poderán recibir a mención de matrícula de honra. A devandita mención poderá concederse, como máximo, a un número de alumnas ou alumnos igual ao enteiro máis próximo ao 5 % do total de alumnado matriculado no centro docente no cuarto curso. En todo caso, cando no centro docente o total de alumnado matriculado no cuarto curso de educación secundaria obrigatoria sexa inferior a vinte, poderá concederse unha mención de matrícula de honra.

A obtención da mención de matrícula de honra será consignada nos documentos de avaliación da alumna ou do alumno.

Aplicaranse os seguintes criterios en orden de prelación:

- 1º) Maior nota media en 4º de ESO.

2º) Maior nota media na etapa.

3º) Maior número de cualificacións 10 en cuarto curso.

4º) Maior número de cualificacións 9 en cuarto curso.

5º) Maior número de cualificacións 10 na etapa.

6º) Maior número de cualificacións 9 na etapa.

No caso de persistir o empate, concederáse á persoa que teña notas máis altas, en primeiro lugar, no cuarto curso e, en segundo lugar na etapa.

BACHARELATO:

O alumnado que, logo da avaliación final ordinaria do segundo curso, obtivese unha nota media do segundo curso igual ou superior a nove puntos poderá recibir a mención de matrícula de honra. A devandita mención poderá concederse, como máximo, a un número de alumnos ou alumnas igual ao enteiro máis próximo ao 5 % do total de alumnado matriculado no centro docente no segundo curso.

En todo caso, cando no centro docente o total de alumnado matriculado no segundo curso de bacharelato sexa inferior a vinte, poderá concederse unha distinción de matrícula de honra.

A obtención da mención de matrícula de honra será consignada nos documentos de avaliación da alumna ou do alumno.

Aplicaranse os seguintes criterios en orden de prelación: 1º) Maior nota media en 2º de Bacharelato.

2º) Maior nota media na etapa.

3º) Maior número de cualificacións 10 en 2º de Bacharelato.

4º) Maior número de cualificacións 9 en 2º de Bacharelato.

5º) Maior número de cualificacións 10 na etapa.

6º) Maior número de cualificacións 9 na etapa.

No caso de persistir o empate, concederáse á persoa que teña notas máis altas, en primeiro lugar, no segundo curso e, en segundo lugar na etapa.

No suposto de que exista algunha reclamación por desacordo coa cualificación final dalgunha materia e esta afectase á obtención desta mención, unha vez resolta esa reclamación e no caso de que haxa rectificación da cualificación, a xunta de avaliación reunirse en sesión extraordinaria para revisar a relación do alumnado beneficiario modificalo no caso necesario.

CICLOS FORMATIVOS E FP BÁSICA

O alumnado que, despois da avaliación final de xuño (*), obteñan unha nota final do ciclo formativo igual ou superior a nove puntos poderán recibir a mención de matrícula de honra (MH).concederáse como máximo dúas distincións . Non obstante, no caso de que o número de alumnos e alumnas matriculados/as con opción a titular no ciclo formativo sexa inferior a 20, só se poderá conceder unha matrícula de honra.

Aplicaranse os seguintes criterios en orden de prelación:

1º) Maior nota media no ciclo formativo.

2º) Maior número de cualificacións 10 no ciclo formativo.

3º) No caso de persistir o empate a xunta avaliadora pronunciaráse razoadamente a favor dunha das candidaturas tendo en conta outros méritos.

(*). No caso do alumnado que titule nun mes distinto ao de xuño a súa situación será tida en conta neste mes e se resulta beneficiario, a mención de MH será consignada cunha dilixencia.

I) As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas

A principios de curso, e dentro dos prazos establecidos pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, os/as Xefes/as de Departamento das materias de ESO e Bacharelato, deberán presentar na Xefatura de Estudos as distintas programacións, nas que constarán, como mínimo os seguintes puntos:

a) Introducción.

b) Obxectivos da materia e a súa contribución ao desenvolvemento das competencias clave.

c) Relación de unidades didácticas, entendidas como a parte do currículo da materia que se traballará, coa súa secuenciación e temporalización.

d) Metodoloxía.

-Concrecións metodolóxicas.

-Materiais e recursos didácticos.

e) Avaliación.

-Procedemento para a avaliación inicial.

-Criterios de cualificación con indicación do grao mínimo de consecución para a superación da materia, e criterios de recuperación.

-Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.
-Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias.

f) Medidas de atención á diversidade.

g) Transversal.

-Concreción dos elementos transversais.

-Actividades complementarias.

h) Práctica docente.

-Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro.

-Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora da programación.

O equipo docente realizará o seguimento das programacións didácticas de cada materia, con indicación do seu grao de cumprimento e, en caso de desviacións, cunha xustificación razoada.

As programacións incorporarán as propostas de mellora recollidas no curso anterior.

Tanto as programacións como as memorias finais deben axustarse ao modelo aprobado pola Comisión de Coordinación Pedagóxica.

Haberá unha programación por materia e nivel redactada en galego agás os departamentos específicos. As programacións de ciclos e formación profesional básica cumprimentaranse na aplicación correspondente. As dos cursos impares de ESO e Bacharelato na aplicación PROENS.

m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas

O equipo directivo promoverá a participación do centro en proxectos, plans e programas informando ao claustro daqueles que poidan ser do seu interese, facendo suxestións e propostas coa dinamización da vicedirección e da Comisión de Coordinación Pedagóxica, escoitando e favorecendo as propostas que fagan os departamentos didácticos ou o profesorado a título persoal, procurando a participación da comunidade educativa. Seguiráse o seguinte protocolo:

1º Proposta motivada de participación do centro dirixida a Dirección elaborada por vicedirección, o departamento didáctico, profesorado ou comisión do centro.

2º Claustro e CCP onde se informe e aprobe a participación polo profesorado e os departamentos didácticos.

3º Consello Escolar onde se informe e aprobe á comunidade educativa.

4º Elaboración da documentación e presentación da proposta, por parte dos coordinadores e coordinadoras, nos prazos que estableza cada convocatoria.

5º Memoria final e informe de avaliación da participación dirixidos á Dirección ó remate de ser o caso.

A Dirección poderá delegar o seguimento e avaliación da proposta en Vicedirección ou Xefatura de Estudos segundo corresponda.

Establécense os seguintes criterios xerais para a participación do centro en proxectos, plans ou programas:

1. Secuenciación e temporalización da proposta.
2. Grado de participación da comunidade educativa.
3. Lexislación aplicable, características e requisitos da convocatoria.
4. Análise da organización e funcionamento da proposta.
5. Liñas pedagóxicas e obxectivos a conseguir.
6. Efectos sobre a convivencia escolar e a equidade na educación.
7. Impacto sobre a participación e transparencia.

n) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular

Este documento poderá ser revisado anualmente. No mes de abril, o profesorado, alumnado e persoal laboral, a título individual ou colectivo, poderá presentar emendas parciais perante a dirección do Centro, que as levará durante o mes de maio a un claustro extraordinario para a súa discusión. As que resulten aprobadas por maioría simple serán levadas ao último Consello Escolar do curso académico para a súa revisión e inclusión no documento.

As modificacións aprobadas entrarán en vigor ao comezo do curso académico seguinte.

o) Outros apartados

1. OUTROS APARTADOS

Non hai máis apartados que engadir.